

A cotización dos bolseiros: un dereito, de novo, ameazado

Enrique Martín

Adxunto á Secretaría Confederal de Protección Social de CCOO

O dereito a cotizar dos bolseiros é unha das medidas incluídas na reforma de pensións de 2011 pactada por sindicatos e empresarios para axudar a completar as carreiras de cotización dun colectivo que, polo xeral, delonga a súa incorporación ao mercado laboral como consecuencia do tempo dedicado á súa formación. Desde o 1 de novembro de 2011, os máis de dous millóns de estudantes universitarios e de formación profesional que desenvolvan bolsas formativas teñen acceso a este novo dereito.

A lei de reforma da seguridade social de 2011 é moi clara a respecto diso e establece que todas as bolsas que cumpran unha serie de requisitos obxectivos —principalmente, estaren vinculadas a estudos universitarios ou de formación profesional e teren unha contraprestación económica— serán dadas de alta na seguridade social polas universidades ou empresas que as financien. Porén, o anterior Goberno tentou limitar este dereito mediante o Real decreto 1707/2011, que regulaba as prácticas externas universitarias e excluía da cotización estes bolseiros e bolseiras, cedendo así ás presións que alegaban daquela un custo excesivo, aínda que en realidade supuña menos de 40 euros ao mes.

CCOO interpuxo en solitario un recurso no Tribunal Supremo contra ese real decreto que limi-



As pretensións do Goberno do Estado farán que os bolseiros perdan dereitos / Foto: Educadictos

O Goberno quere burlar unha sentenza

taba o dereito a cotizar polas bolsas universitarias. O pasado 28 de xuño, este tribunal ditou sentenza favorable á nosa reivindicación e anulou o decreto por consideralo ilegal.

Con todo, o Goberno do Partido Popular, a través do Ministerio de Educación, segue porfiando en limitar este dereito, excluindo agora da cotización as bolsas que se consideren curriculares —as que serven para obter o título universitario—. Con esa intención, presentou un borrador de decreto cuxo regulamento está agora en fase de tramitación.

Desta volta, o Ministerio recoñece que recibe presións dos reitorados para non lle aplicar este novo dereito á mocidade universitaria. Para xustificar tal situación, os responsables ministeriais alegan que os trámites das altas ocasionan importantes problemas de xestión para as empresas e que este feito podería chegar a supor que as empresas deixasen interesarse en ofertar bolsas —asunto que, sinceramente, resulta cuestionable.

Tamén se utiliza o argumento do custo asociado á cotización. No entanto, CCOO lembra que o custo da cotización só supón 34,72 euros ao mes a cargo das empresas e 6,09 euros ao mes a cargo de quen percibe a bolsa. Ademais, as empresas poden desgravar esta contía como gasto deducible, así que non se pode utilizar o argumento de que

o custo da cotización sexa realmente «elevado».

A decisión do Ministerio de Educación de tentar burlar a sentenza do Supremo do pasado 28 de xuño suporá volver aínda máis precaria a formación universitaria que reciben máis de 1,6 millóns de novos estudantes no Estado, preto de 75.000 en Galicia. Empeorará a protección social á que teñen dereito durante as bolsas e causaralles un prexuízo adicional nas súas carreiras de cotización de cara a unha futura pensión.

Para impedir que se consume este novo atentado contra os dereitos sociais, cómpre apuntalar os esforzos por mobilizar a universidade, explicándolle ao estudiantado que se incorpora en que consiste este novo dereito e como deben esixir o seu cumprimento —entre outras vías, a través de CCOO.